

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

**Ábrese o prazo de inscrición para crianzas de 0 a 3 anos na
Escola Infantil Municipal de Brión para o curso 2026/2027.**

Do 15 ao 30 de abril

Requisitos

- A persoa menor para a que se solicita praza deberá ter nacido no momento de presentación da solicitude.
- Figurar empadroadada no Concello de Brión.
- Ter 3 meses de idade no mes de setembro e non cumprir os 3 anos antes do 31 de decembro de 2026.
- Acadar a puntuación suficiente no baremo de admisión.

Documentación

- DNI das persoas proxenitoras.
- Libro de familia ou certificado de inscrición de nacemento.
- Declaración da renda do exercicio 2024.
- Informe de situación actual da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou informe de vida laboral das persoas proxenitoras, actualizado.
- Xustificante de gastos de alugueiro ou hipoteca.
- De ser o caso, tarxeta de demandante de emprego, certificado de discapacidade, documentación de separación ou divorcio e convenio regulador, título de familia numerosa, etc.

Solicitudes fóra de prazo, única e exclusivamente cando

- O nacemento sexa posterior ao 30.04.2026.
- Haxa cambio de concello de residencia posterior ao 30.04.2026.
- Exista unha situación de emerxencia social.

Lugar de presentación

- **Preferiblemente a través da Sede Electrónica do Concello:** [Sede electrónica Brión, Solicitude de praza na Escola Infantil Municipal](#)
- **Centro Social Polivalente, con cita previa no teléfono 981 50 99 10.**